



COMUNICADO

Queremos informar de que o pasado mércores día 18 tivemos unha reunión coa Xerencia, á que nos convocou para falar de dous temas:

- Baremo do concurso de méritos: O xerente, xa que non chegou a acordo coa Xunta de Persoal convocará a finais de mes, para abrir o prazo de solicitudes no mes de xaneiro de 2014.

O baremo, finalmente, será o acadado nas votacións, excepto en 2 puntos: as memorias e o acordo de estabilidade. Ao non chegar a acordo no tema das memorias, o xerente non asinará acordo de estabilidade e incluírá as memorias neste concurso para postos de nivel 25 e superiores.

- Comisións de servizos nos postos de conserxes con motivo da toma de posesión tras a funcionarización:

A maioría da Xunta de Persoal considera que este asunto debería tratarse conxuntamente co Comité de Empresa, precisamente por vir derivado da RPT que eles negociaron, manifestámoslle á Xerencia a conveniencia do informe dese órgano. A maioría da Xunta de Persoal ve como única solución a proposta feita polo sindicato CUT, pero ao non haber unanimidade, o xerente comunícanos que aplicará o procedemento legalmente establecido (comisións de servizo) e de non ser posible, cubriranse con persoal alleo.

Por outra banda, dado que no Consello Social de onte se aprobaron os orzamentos para 2014 da UDC, e dada a minoración da partida de Acción Social a Xunta de Persoal solicitou unha reunión urxente coa Xerencia para tratar tanto o reparto desa partida como a situación na que queda o seguro médico, e posibles alternativas do que vos informaremos puntualmente.

Saúdos.

A conta de correo é: xunta.persoal@udc.es para aclarar calquera dúbida ou recibir aquelas propostas ou suxestións que consideredes de interese.
